

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Xacobeo 2021

XUNTA  
DE GALICIA



Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN VÍDEOS

Plan de **prevención**  
**da transmisión da**  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Plan de **prevención**  
da **transmisión** da  
**COVID-19**  
nos centros educativos



# NORMATIVA E PROTOCOLOS ESPECÍFICOS. RISCOS E MEDIDAS DE PREVENCIÓN: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Páxina 5	1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POR ANPAS OU ENTIDADES DIFERENTES DO CENTRO ESCOLAR
Páxina 5	1.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS
Páxina 7	1.2. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO
Páxina 10	2. PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS ORGANIZADAS POLOS CENTROS EDUCATIVOS ASÍ COMO DE ACTIVIDADES DERIVADAS DE COLABORACIÓNS OU CONVENIOS
Páxina 13	3. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA



# 1. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POR ANPAS OU ENTIDADES DIFERENTES DO CENTRO ESCOLAR

## 1.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Todas as medidas e pautas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas polas autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica xerada pola pandemia, polo tanto son revisables para cumprir coa normativa de aplicación en cada momento.

A entidade organizadora (ANPA ou entidades diferentes do centro escolar) presentará á dirección do centro dun Plan de actividades extraescolares, conxuntamente cun plan de continxencia que será revisado polo Consello Escolar para súa aprobación. O plan de continxencia específico referirá, cando menos, os seguintes aspectos:

- Limpeza e desinfección das salas, estancias, baños, zonas de tránsito, mobiliario ou útiles empregados.
- Ventilación adecuada (antes, durante e despois).
- Acudir sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo.
- Aforo máximo por actividade.
- Grupos de actividades extraescolares estables e rexistro diario de asistencia (evitar novos membros, interacción entre grupos, ou se é posible, cambio de monitores/as). O rexistro diario será custodiado pola entidade e poderá serlle requirido polo Equipo Covid de cara a facilitar a trazabilidade dun contaxio, a petición do Centro de Seguimento de Contaxios).

As clases organizaranse de tal xeito que se poida facer unha saída e entrada graduada e unha ventilación entre clases, de cando menos 10 a 15 minutos por hora (seguir as indicacións dos protocolos de ventilación).

Dentro do posible respectaranse os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas. No caso das idades máis pequenas (Infantil ou Primeiro e Segundo de Primaria) valorarase facer grupos máis pequenos se fose necesario.

Nas actividades para adultos o aforo será o permitido con carácter xeral polas autoridades sanitarias para xuntanzas segundo a situación epidemiolóxica da zona.



## 1.2. NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Os/as pais/nais/ titores/as legais asinarán unha declaración de responsabilidade (ao inicio das actividades) na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes normas:

- Realizar a enquisa de autoavaliación prevista no “Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021” e non acudir á actividade de acordo co que esta estableza.
- Informar ao persoal monitor no caso que se dea algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavaliación para o seu coñecemento e traslado ao centro educativo que o porá en coñecemento do Equipo Covid.
- Máscara obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.
- Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais) nas actividades nin nas instalacións deportivas. Tampouco estará permitido estar na instalación fóra da hora de actividade. Non estará permitida a presenza dos propios participantes cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas bancadas, no caso de contar con estas.
- A persoa monitora sairá a recibir ao grupo cando a instalacións estea libre.
- Habilitarase **unha porta de entrada e outra de saída** para evitar a acumulación de persoas. No caso de non ser posible esta opción, primeiro efectuarase a saída e posteriormente a entrada do novo grupo. No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e/ou saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil é precisa a máxima puntualidade.
- Os espazos contarán con **aseos asignados** (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. **Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas.** No caso de grandes instalacións poderá solicitarse que o alumnado e persoas participantes que teñan o seu propio xel hidroalcohólico.



- Para o alumnado de Primeiro e Segundo ciclo de **Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón** ou outros tipos de solucións xabonosas.
- Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel adecuada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes de realizar outras tarefas. **Nos grupos de idade ata os 7 anos, deberase prestar especial atención por parte dos coidadores á aplicación do xel que faga o alumnado.**
- Delimitaranse zonas para que cada neno/a deixe os seus obxectos persoais como a mochila ou a botella de auga. Procurarase que este lugar sexa **fixo durante todo o curso**. Entregarase ao centro un plano de situación con estes lugares marcados para facilitar, en caso de ser necesario, o seguimento epidemiolóxico.
- O uso da máscara responderá ao previsto no “Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”. As persoas monitoras determinarán os momentos de respiro ou paradas para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade.
- A organización das tarefas e exercicios será en función da normativa vixente. Inicialmente serán de forma individual ou en pequenos grupos, evitando o contacto.
- Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans. As persoas adultas contarán co seu propio material e encargaranse de hixienizalo logo do seu uso.
- A hixiene de mans, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obrigatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ao baño, esbirrar, tusir ou sempre que o determine a persoa monitora.
- Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.



- No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:
  1. No caso de menores de idade procederáse ao illamento desta persoa no espazo habilitado para tal fin e de acordo co *Protocolo de adaptación ao contexto da covid- 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020- 2021*. Os centros comunicaranlles ás entidades organizadoras cal é este espazo que, por razóns de operatividade, poderá ser diferente do utilizado durante o período lectivo (por exemplo en pavillóns polideportivos). No caso de ser un espazo diferenciado a entidade asegurará que se dispón dos elementos previstos no *Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021* e que se cumpre o estipulado con carácter xeral para o acompañamento de persoas con síntomas compatibles coa COVID-19. A súa familia será informada inmediatamente e procederáse de acordo co protocolo xeral segundo o plan de continxencia de cada centro.
  2. No caso de persoas maiores de idade, estas procederán de acordo co previsto con carácter xeral coas particularidades que o plan de continxencia de cada centro poida prever. Porán unha máscara cirúrxica, abandonarán a actividade e contactarán cos servizos sanitarios para seguir as súas indicacións. Contarase, en todo caso, cun plan de actuación claro derivado do plan de continxencia que todas as persoas monitorias coñecerán e no que se establezan as actuacións e pautas de comunicación e coordinación.
- Favorecerase a formación específica dos/as monitores/as na prevención e protección ante a COVID-19.



## 2. PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS ORGANIZADAS POLOS CENTROS EDUCATIVOS ASÍ COMO DE ACTIVIDADES DERIVADAS DE COLABORACIÓNS OU CONVENIOS

As actividades complementarias e extraescolares deberán axustarse ás indicacións reflectidas na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG do 2 de setembro de 1997).

Dentro das atribucións que lle son propias, correspóndelle ao consello escolar do centro:

- Aprobar o programa anual destas actividades elaborado polo equipo de actividades complementarias e extraescolares tal e como establece o artigo 75 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro.
- Avaliar anualmente o desenvolvemento das actividades levadas a cabo.
- Establecer, se é o caso, de acordo co regulado no artigo 78 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

Estas actividades **deben contar co seu propio protocolo de adaptación específico derivado da situación da COVID-19** que será inserido no Plan de adaptación do centro.

Deben **manterse os grupos de convivencia estable** ou **gardarse as distancias de seguridade previstas** nos protocolos con carácter xeral.

Cómpre **priorizar as actividades no exterior** pero evitando igualmente aglomeracións.

Deberase levar **registro das persoas que participan** nestas actividades, así como o **lugar que ocupan, non podendo cambiar de compañeiros/as** para limitar as interaccións e facilitar a localización de posibles contactos estreitos.

É preciso extremar as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois da actividade.

Cando a actividade **implique saída do centro e visita** a algún lugar deberá **coñecerse con antelación o protocolo Covid** da instalación e deberá ser asumida e explicada ao alumnado de acordo á súa idade.

Nas saídas do centro educativo **o número de profesorado acompañante debe ser tal que permita garantir as medidas de seguridade sanitarias. Pódese tomar como referencia o establecido no Regulamento Orgánico de Centros e axustalo á situación da actividade para garantir a seguridade sanitaria:** o alumnado será acompañado polo profesorado correspondente na proporción como mínimo dun/dunha profesor/a por cada unidade. Un docente poderá acompañar máis dunha unidade sempre e cando o número total de alumnos/as non supere os 25 no caso de Infantil e Primaria, e os 30 no caso de Secundaria.

Cando a actividade implique **uso de transporte deberán extremarse as medidas de hixiene**, por suposto será obrigatorio o uso de máscara e anotarase o lugar que ocupa o alumnado que será fixo nos dous sentidos do traxecto.

Cando as actividades supoñan a entrada no centro de persoal alleo este deberá coñecer previamente e asumir na súa totalidade o protocolo Covid e o Plan de adaptación do centro e asinar o compromiso de **realizar a enquisa de autoavaliación antes da actividade**. En ningún caso acudirán se teñen síntomas, de igual xeito que o persoal do centro. Tanto se se trata de actividades esporádicas como regulares o **Equipo Covid estará informado en todo momento**, así como o profesorado afectado e o persoal non docente que deba atendelo levando rexistro da súa presenza e interaccións.





XUNTA  
DE GALICIA